



REDE DE ASESORAMIENTO

*COLABORAMOS, ASESORAMOS,
FORTALECEMOS*





A Rede de Asesoramento en Conduta ten como obxectivo asesorar, fortalecer e colaborar con organizacións, institucións e familias de persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, ante situacións condutuais de difícil manexo.

Todo elo, dende un enfoque preventivo e centrado na persoa, orientado a mellorar a súa calidade de vida, así como a fortalecer as competencias da súa rede de apoio, promovendo contornas de vida significativas e saudables para todas as persoas implicadas.





COMO TRABALLA A REDE?

O traballo do grupo de profesionais que compón a Rede comeza coa recollida de información. Para elo, realízanse reunións en liña coas diferentes persoas que prestan apoios á persoa con discapacidade intelectual. Indágase sobre a súa traxectoria vital, os seus gustos e preferencias, a súa rutina...

Estas reunións adoitan durar entre unha hora / hora e media. Posteriormente, realízanse cuestionarios e/ou rexistros co fin de coñecer con maior profundidade á persoa e a súa conduta.

A partir desta información, acórdanse estratexias e/ou actuacións (o que chamamos un "plan de apoio") para promover cambios que melloren a situación. Nas reunión en liña que organizamos de xeito periódico, faise un seguimento exhaustivo das estratexias, para coñecer se están a funcionar e valorar se é necesario axustalas ou mesmo cambialas.

Tamén cabe a posibilidade de marcar obxectivos que axuden a valorar cando é necesario finalizar o acompañamento e substituílo por reunións de seguimento.



O EQUIPO DE PROFESIONAIS



CARMEN MÁRQUEZ

ASESORAMENTO



REBECA SEVILLA

ASESORAMENTO



JAVIER RIOBÓ

ASESORAMENTO



Mª DOLORES MENDOZA

ASESORAMENTO



JANET PARDO

ASESORAMENTO



PILAR VILLAVERDE

COORDINACIÓN



Rede de asesoramento en conduta
FADEMGA Plena inclusión Galicia



COMO PODES SOLICITAR O **APOIO** DA REDE?

Se detectas un problema de conduta grave cuxo apoio está a ser complexo, podes solicitar información sobre a axuda que che podemos ofrecer dende a Rede escribindo a **asesora.conduta@fademga.org** ou chama ao **698 182 179**

Se xa tes claro que queres solicitar o apoio da Rede, podes cumprimentar a **[Ficha de solicitude](#)** e a **[Ficha de autorización](#)** e adxuntala por correo a asesora.conduta@fademga.org

Asemade, se en calquera momento queres darte de **baixa na Rede**, podes solicitar a ficha de baixa e achegala a: asesora.conduta@fademga.org

Ao final do proceso de acompañamento enviaremos unha **enquisa de satisfacción** para coñecer a túa opinión sobre o proceso de cara a implantar melloras no servizo.



*Rede de asesoramento en conduta
de FADEMGA Plena inclusión Galicia*

FADEMGA



**Plena
inclusión**
Galicia

www.fademga.org